

Practicamos a empatía histórica

Imaxina que es un/unha **habitante do Imperio Romano de Occidente no século V d.C.**, na época na se están producindo os ataques dos pobos xermánicos e está a piques de romperse o Imperio.

Escribelle unha carta explicándolle a túa situación **a un amigo/a ou familiar** que vive no Imperio Romano de Oriente.

Na túa carta debes incluír:

- **Datos sobre ti**, como o teu nome, idade, profesión, o lugar no que vives (Hispania, Galia, a cidade de Roma...).
- **Describir o que está acontecendo** (o lugar no que vives foi asolado, ou está resistindo un asedio...) e explicar **como te sentes**.
- Indicar por **cal dos pobos xermánicos** estás sendo atacado/a e os **motivos** polos que se produce o ataque.
- Explicar as **características dos pobos xermánicos** e o **que te diferencia ou chama a atención** deles.
- Conclúe comentando **como esperas ou imaxinas que se resolverá** a situación.

Extensión da carta: entre 10-20 liñas.

Os costumes dos xermánicos

Elixen os seus reis pola nobreza, pero, os seus capitáns, polo valor. O poder dos reis non é absoluto nin perpetuo (...).

Non contan por días, coma nós, senón por noites (...).



Familia xermánica.


Ningún dos pobos de Xermania habita en cidades pechadas (...). Fan unha bebida de cebada e trigo, que quere sementarse en algo ao viño. As súas comidas son simples: mazás salvaxes, veado fresco e leite cullado.

TÁCITO: *Xermania*, 98 d.C.

O pequeno número dos que sobrevivimos non foi grazas aos nosos méritos, senón á misericordia do Señor. Pobos innumerables e feroces ocuparon o conxunto da Galia. Todo o territorio que se espalla polos Alpes e os Pireneos, o que limita co océano e o Rin, foi devastado por quados, vándalos, sármatas, alanos, hérulos, saxóns, burgundios, alamanos, etc. (...).

Maguncia, noutroza ilustre, foi tomada e saqueada. Na súa igrexa, milleiros de homes foron masacrados. Worms foi reducida despois dun longo asedio. As cidades ficaron despoboadas pola espada e a fame. Non podo lembrar sen bágoas Tolosa (...). Hispania mesma, treme (...).

San Xerome: *Carta a Xeruchia*, século V.



Expansión dos pobos xermánicos

A fin do imperio romano de occidente

A comezos do século V, os **hunos**, un pobo bárbaro chegado de Asia, dirixidos por Atila, invadiron e arrasaron os territorios do leste de Europa.

Fuxindo dos hunos, os pobos xermánicos irromperon en masa no Imperio romano de Occidente e acabaron conquistando e dominando o territorio.

Desde finais do século V formáronse diversos reinos xermánicos, independentes e rivais entre eles:

- Os **ostrogodos**, que ocuparon Italia e Dalmacia.
- Os **visigodos**, que se espallaron polo sur da Galia e posteriormente en Hispania.
- Os **francos**, establecidos na Galia, que se foron expandindo sobre o territorio doutros reinos.
- Os **burgundios**, que ocuparon o leste da Galia.
- Os **alamáns**, que se estableceron no Rin.
- Os **anglosaxóns**, que se expandiron por Britania.

Características dos pobos xermánicos

Os pobos xermánicos tiñan uns costumes e unhas formas de vida moi diferentes ás dos romanos. Non tiñan escritura, nin leis, nin unha estrutura de Estado. Traballaban a terra e criaban gando.

Estaban organizados en **clanes familiares** e os seus caudillos elixían un xefe militar, que exercía tamén como rei. Este cargo primeiro era electivo e, co paso do tempo, converteuse en hereditario.